

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA COMPOSTELÁ RECOÑECIDA POLA SECTORIZACIÓN ENTRE MEDICINA INTERNA E ATENCIÓN PRIMARIA

- Recibiu un accésit na terceira convocatoria do Premio nacional de innovación na xestión
- O 40% das 15.000 consultas atendidas por este novo sistema quedaron resoltas de xeito *on line*

Santiago, 10 de novembro de 2021.- O proxecto de sectorización na atención aos doentes crónicos e pluripatolóxicos entre o servizo de Medicina Interna e Atención Primaria da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza ven de ser recoñecido na terceira convocatoria do Premio Nacional de innovación na xestión, do IESE, patrocinado por Novartis.

Esta mañá, tivo lugar o acto de entrega do título acreditativo na xerencia da área sanitaria compostelá, no que supón segundo a xerente, Eloína Núñez, "un recoñecemento a un proxecto que pretende unha mellor coordinación entre a os profesionais de Atención primaria e a atención hospitalaria, axilizando a consulta aos pacientes crónicos, resolvendo, e mesmo adiantándose, ás situacións máis apremiantes destes pacientes". Para acadalo, creáronse alternativas á hospitalización convencional a través da potenciación da hospitalización domiciliaria e a apertura do hospital de día situado no hospital Provincial de Conxo. Ademais, estableceuse a figura do internista de referencia como profesional de contacto directo entre Atención Primaria e o hospital.

Desde o 2019 teñense resolto axilmente por este novo sistema sectorializado máis de 15.000 consultas de Medicina Interna, no 40% dos casos bastou coa consulta electrónica, mentres que no 60% restante derivou nunha consulta presencial no hospital. Este proxecto pretende unha abordaxe multidisciplinar da maior calidade para o paciente crónico.

A cronicidade supón actualmente unha gran maioría da patoloxía que se ve en Atención Primaria e que enche as camas dos hospitais e "démonos conta de que a forma convencional de atender aos doentes crónicos non é a máis adecuada nin satisfactoria para o paciente, polo que se fixo necesario crear formas alternativas a este tipo de actuacións" subliña Antonio Pose, xefe do Servizo de Medicina Interna da área compostelá, e engade que "esta é a base do proxecto, que se centra sobre todo na coordinación e na continuidade asistencial". "Cada día vemos máis pacientes e cada día sentímonos máis útiles para eles e para os propios compañeiros de Atención Primaria, -afirma Pose- onde este proxecto foi moi ben acollido".

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O xefe do servizo de Medicina Interna reivindica o papel da “humanización e a comunicación co paciente ademais da coordinación entre os diferentes niveis asistenciais” como esenciais para cumprir co obxectivo final da Medicina: curar.

Para o Servizo de Medicina Interna este recoñecemento supón un apoio ao proxecto para seguir traballando nesta liña, co fin de seguir mellorando a calidade da asistencia da área sanitaria. De igual maneira, o feito de que profesionais doutros centros se mostren interesados nel, amosa que pode ser útil non só no noso entorno, senón que pode ser exportable a outras áreas e Comunidades, onde o problema do envellecemento e a cronicidade tamén supoñen un reto para o sistema sociosanitario nos próximos anos.

Saúdos,